

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE EL SERVICIO GALLEGO DE SALUD Y EL LABORATORIO MENARINI DIAGNÓSTICOS, SA PARA LA PROMOCIÓN DE LA INVESTIGACIÓN Y LA FORMACIÓN CIENTÍFICA ORIENTADAS A LA MEJORA DE LA ATENCIÓN AL PACIENTE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde decidiu coa entidade MENARINI DIAGNÓSTICOS, SA formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde o día seguinte á súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Definir o ámbito das relacións de colaboración entre as partes asinantes para a promoción da investigación e a formación orientadas á mellora da atención sanitaria, a través da promoción da investigación, a formación, a innovación ou a realización de estudos e intercambio de coñecemento científico e técnico.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde, ten como un dos seus obxectivos a prevención e a atención sanitaria. A súa finalidade é impulsar, planificar, coordinar e avaliar as actuacións levadas a termo para mellorar o proceso de atención e, isto, coa implicación de todos os axentes do sistema de saúde e do sistema social, co fin de establecer un marco de actuación integral.

Outro obxectivo é a mellora da utilización dos medicamentos, tanto a nivel de atención primaria como na atención hospitalaria e sociosanitaria. Neste sentido, unha das liñas de actuación consiste no impulso de actividades dirixidas á mellora de aspectos como a educación sanitaria dos pacientes e cidadáns e o bo uso dos medicamentos, a súa adherencia aos tratamentos prescritos, e a formación científica dos profesionais sanitarios nestas materias, coa finalidade de mellorar a atención e o servizo de saúde aos pacientes.

MENARINI DIAGNÓSTICOS, SA quere aliñarse cos obxectivos do Servizo Galego de Saúde expresados e implicarse como axente colaborador, mediante a expresión das pautas e liñas xerais contidas neste convenio marco, en relación á mellora e desenvolvemento de actividades de promoción da saúde, de interese compartido por ambas as dúas institucións.

A formalización deste convenio non comporta incremento de gasto para o Servizo Galego de Saúde.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

